

Anibal Otero, novelista e poeta carcerario

Claudio Rodríguez Fer

O filólogo e escritor Anibal Otero estaba traballando en Portugal para o Atlas Lingüístico da Península Ibérica, promovido por Ramón Menéndez Pidal, cando estalou a guerra civil, pero o 5 de agosto de 1936 foi entregado polas autoridades lusitanas aos sublevados españois, que o encarceraron, sucesivamente, en Tui, illa de San Simón, Burgos e Figueirido. Saiu en liberdade condicional o 22 de maio de 1941 e obtivo a definitiva o 22 de agosto de 1942. Segundo Xesús Alonso Montero, “na cadea de Tui” escribiu “a novela en galego *Esmoriz*” (sic), inédita máis de cincuenta anos despois da fin da guerra”¹.

Desde logo, parece claro que Anibal Otero escribiu en galego e en castelán no cárcere, aínda que non se poida precisar en que momento ou en que prisión concreta produciu cada texto. Os seus poemas e prosas de temática carceraria, gardados por Asunción Alvarez Alvarez e Horocel Otero Alvarez, muller e fillo do autor, fan referencia a súa condición de preso, pero todo parece indicar que algúns destes textos foron retocados ou ampliados unha vez excarcerado o autor. Vexamos, non obstante, en que consistiu a súa importante produción galega na cadea, fundamentalmente composta pola novela *Esmoriz* e por un conxunto de poemas de asunto igualmente carcerario.

A novela lírica *Esmoriz*

Na primeira páxina do manuscrito orixinal da novela, aparece o seguinte rótulo: “*Esmoriz*, novela por J. Daidiña”. A palabra *Esmoriz*, que é o apelido do protagonista, procede dun topónimo moi común en Galicia e Portugal. Do seudónimo utilizado, *J. Daidiña*, pódese dicir que a inicial provén do nome dun tío do autor, chamado Jenaro, que aquel non chegou a coñecer. Ademais, o escritor

1. Xesús Alonso Montero, “Anibal Otero: No décimo cabodano”, *Faro de Vigo*, 25-3-1984. Este escrito, complementado por dúas cartas de Tomás Navarro Tomás e unha de Ramón Menéndez Pidal, actualiza e recolle outro anterior, “Na morte de Anibal Otero”, *Faro de Vigo*, 23-5-1974. O mesmo autor escribiu tamén a voz correspondente a este filólogo na *Gran Enciclopedia Gallega*. A revista *Verba. Anuario Gallego de Filología*, da Universidade de Santiago de Compostela, presentou no seu vol. 2, de 1975, outra carta de Tomás Navarro Tomás e a semblanza “Anibal Otero (1911-1974)”, de Antón Santamarina. Así mesmo, Alfonso Magariños publicou “Anibal Otero, filólogo y campesino”, *El Pueblo Gallego*, 6, 7 e 8-10-1977.

chama J. Daidiña a un personaxe creado para unha novela que supostamente estaba escribindo Esmoriz. Cómpre ter en conta a este respecto que Aníbal Otero ideara xa durante a República unha novela en castelán, chamada *Daidiña*, como o seu protagonista. *Esmoriz* foi, en realidade, a reconversión galega daquel proxecto, efectuada xa despois do estalido da guerra civil e, por tanto, decisivamente marcada por este.

Xosé María Álvarez Blázquez anunciou a publicación da obra, co título de *Esmoriz. Memorias dun condenado do franquismo*, en Edicións Castrelos, xa no ano 1979, pero a desaparición da editorial impediu que se materializara o proxecto. Posteriores tentativas de editala durante os anos oitenta non tiveron resultados positivos. O manuscrito orixinal foi mecanografiado por Asunción Álvarez Álvarez co asesoramento de Álvarez Blázquez, pero existen numerosos problemas ecdóticos, tanto de comprensión como de estrutura. Para o seu exame, partimos do manuscrito de Aníbal Otero, aínda que tivemos en conta a transcripción e o ordenamento da viúva, sobre todo no relativo á distribución dos capítulos, moi confusa no texto orixinal. Cómpre salientar, a este respecto, que a obra quedou sen pulir polo autor, quen seguramente tiña intención de redactar unha versión definitiva. Isto explica, entre outras cousas, que haxa casos en que un mesmo personaxe reciba dous nomes distintos ao longo da novela.

Esmoriz aparece escrita, en terceira persoa, por un narrador omnisciente. O seu capítulo I comeza cun exercicio estilístico de descripción da paisaxe que, pouco a pouco, se converte nunha fonda introspección psicolóxica, dominante ao longo de toda a obra. O protagonista contempla intensamente a paisaxe desde Portugal, pero o desacougo producido pola situación política, simbolizada pola fronteira, impide que se produza a súa habitual comunión coa natureza.

A súa autorreflexión deriva cara a incertidume reinante nos primeiros días da guerra civil. Tras tratar de non conceder demasiada importancia aos acontecementos, pregúntase polo seu futuro, mentres divisa un combate desde o outro lado da fronteira. Esmoriz, calificado de “poeta” e de “emigrado español”, recibe en silencio e con preocupación as noticias dos avances rebeldes, que terminan coa toma da cidade fronteiriza Irima e coa chegada daqueles á Ponte Internacional.

O capítulo II continúa indagando no interior de Esmoriz, sempre retraído e solipsista, e nas súas actitudes psicolóxicas ante os sucesos bélicos. O protagonista presencia a entrada do primeiro tren “facioso” en Portugal, onde é recibido con xúbilo. Desexa voltar a casa, pero sabe que de facelo sería mobilizado e tería que “loitar contra os seus irmaos en ideais”. Pese ao horror que lle produce a guerra, é consciente de que, só e sen cartos, non pode durar moito en Portugal. Pensa en “pasar a fronteira por Extremadura, entónce aínda ceibe de faciosos, e regresar a Madrid”. Alí podería xuntarse “cos compañeiros de traballo e de ideais” e “loitar ao seu lado pola vida e liberdade ameazadas”, pero non estima viable a operación.

En medio da angustia polo tempo presente, lembra ao seu pai, militar que loitara na guerra de Cuba, e bucea na memoria da nenez, así como reflexiona sobre a súa concepción da vida e sobre os “seus intentos poéticos”.

O capítulo III comeza coa súa detención no Hotel por parte da policía portuguesa. Levado ao posto policial, é acusado de comunista, pero el afirma rotundamente que é “soilo galeguista”. Pese a insistir en que el só se limitara “a defender o Goberno de España que vostedes consideran aínda como lexítimo” e a pedir que se lle permitira saír pola fronteira con Badajoz, deciden entregalo “a unhas autoridades que aínda non recoñeceron”. Esmoriz lembra o xuício de Byron sobre a deslealtade traidora dos portugueses e, ante a inspección dos seus papeis, explica que Daidiña é “un personaxe de unha novela que estou escribindo”. Finalmente, é entregado á policía española.

O capítulo IV presenta as primeiras sensacións carcerarias sentidas desde a súa perspectiva de “poeta”. Incomunicado nunha cela vella e suxa, Esmoriz sente necesidade de aprehender a vida poeticamente. A miseria vital que contempla lévao a buscar parangóns literarios non vividos, como algún aspecto sórdido dos *Episodios Nacionales* de Galdós.

No capítulo V Esmoriz comparte cela con Nogueira, un fuxido ao monte que se entregou voluntariamente. O recién chegado dá conta dos fusilados que viu tirados na estrada e asegura que “ja non se poden contar os que levan matados”. Pouco tempo despois, Esmoriz vivirá a patética escena na que un oficial ven buscar a Nogueira para levalo á morte.

O capítulo VI presenta a chegada de Laudelino Loeda, alcalde de San Fitoiro, personaxe claramente inspirado en Brasilino Alvarez, alcalde da Guarda, que como el levaba no cargo menos dun mes. Conta como mantivo a orde na súa vila en todo momento, ata o punto de ser felicitado polos dereitistas, e como foi ovacionado cando saíu da alcaldía, tal como lle ocorrira a Brasilino Alvarez. Tamén alude a cinco fusilamentos efectuados inmediatamente polos sublevados, que se producen en circunstancias similares aos reais de Angel e Antonio Domínguez Pacheco, Julio Saavedra Galiñanes, José Alonso Portela e Herminio Domínguez Pérez, asasinados sen formación de causa en Paraños ao pouco de caer a Garda nas mans dos rebeldes. Laudelino lembra igualmente a súa emigración a Puerto Rico, de onde regresou acaudalado, como na realidade lle sucedeu a Brasilino. (Juan Noya Gil recolleu a memoria real de todos estes tráxicos acontecementos no seu libro *Fuxidos. Memorias de un republicano gallego perseguido por el franquismo*²).

Así mesmo, son pechados na cela un republicano, que viña de Burgos en axuda dun irmán comunista xa detido, e mais un mozo fuxido a Portugal e devolto polos *guardinhas*. Esmoriz, solitario e pensativo, fica aillado nas súas saídas ao patio e observa o comportamento dos seus compañeiros ante a proximidade da morte.

O capítulo VII recrea a atmósfera producida polos contínuos fusilamentos:

Os fusilamentos sucedíanse con frecuencia i-Esmoriz via estreitarse con eles, a un ritmo acelerado, o cerco mortal. Cando miraba atraís e via todó

2. Juan Noya Gil, *Fuxidos. Memorias de un republicano gallego perseguido por el franquismo*, Caracas: Casuz Editores, 1976.

camiño que hacia el anduvera a morte dos compañeiros, enchíase de terror. Era preciso tomar unha decisión; era necesario volcar todá sua enerxía para salvarse.

Esmoriz comprende a inutilidade de confiar na propia inocencia:

Todos confiaban na sua inocencia i-ainda que ollasen a outros ser fusilados con ela, seguían empeñados con todas as suas forcias en demostrar a sua, en vez de centralas en outra dirección que lles sería mais útil. (...) Cando eran condenados seguían engañándose coa esperanza do indulto, anque non coñecesen ningún caso del en todó tempo que levaban presos.

As actitudes dos presos e dos condenados a morte son motivo de fonda e dura reflexión psicolóxica. A obsesión pola fuxida vese sempre limitada pola falta de iniciativa individual e polo temor a comprometer á familia ou aos compañeiros, como manifesta o preso agora chamado Brasilino. Como última esperanza de rebeldía, cóntase o calvario de Espasandín, disposto a fuxir, pero levado á morte en presencia da súa muller e dos seus oito fillos, algún deles brutalmente golpeado polos gardas. Esmoriz convén con Alén en intentar fuxir se os condean a morte.

Non son facilmente identificables os capítulos VIII e IX no manuscrito oteriano, pero deste último hai unha versión transcrita pola viúva. Consiste nunha penosa reflexión sobre a vida e a morte desde o cárcere, ilustrada con terribles fantasías sobre o seu imaxinado asasinato en presencia da súa propia nai.

No capítulo X fálase de seis presos que fan ser procesados en consello de guerra: o médico don Alejo, Costa Freda, o seu fillo Fiz e outros tres que non nomea, así como do compañeiro de cela Artaza. Condeados a morte os seis primeiros, viven agardando ilusorios indultos ou canxes que nunca chegan. O médico, fumador en pipa, é sen dúbida Alejo Diz Jurado, que fora o primeiro alcalde republicano de Tui. Costa Freda e o seu fillo están inspirados no contratista Serafín Fernández Costas e no aparelador Julio Fernández. Os outros tres teñen que ser, por exclusión, o oficial de Correos Felipe Muñoz, o propietario Manuel Domínguez León e o doutor Darío Alvarez Limeses. De feito, aparece un don Darío preso “que sempre fora persona piadosa”. Na realidade, os seis foron xulgados en Tui o 13 de outubro de 1936. En canto a Artaza, pódese dicir que está inspirado en Segundo Pampillón, alcalde de Mos, onde dirixira o republicanismo azañista de Acción Republicana e Izquierda Republicana, sucesivamente.

No capítulo XI reaparece o procesado Laudelino e levántaselle a incomunicación a Esmoriz, que é levado cos demais presos. Ao entrar no patio común, cre recoñecelo por telo visto en soños. Instálase nunha cela acompañado do seu antigo compañeiro Artaza, dun mestre salmantino e do contratista de obras Costa Freda. Este e máis o seu fillo entregáranse voluntariamente para fuxir dos incontrolados. Costa Freda conta como levaron a fusilar a catro mariñeiros de Vigo e ao preso Germade, quen dera unha cédula aos seus fusileiros para descargalos da responsabilidade da súa morte. Relátase tamén que o primeiro que entrara na cadea “cos brazos levantados i-o cañon dun fusil nas costas fora D. Pejerto”, encañonado por

un veterinario de Ourense. No manuscrito orixinal, antes do nome “Pejerto” aparece tachado o de “Darío”. Resulta, pois, evidente, que este personaxe está baseado en Darío Alvarez Limeses, a quen o autor decidiu cambiar o nome neste capítulo, xa que no anterior aínda o menciona co real.

No capítulo XII un preso propónse fuxir con Esmoriz a Portugal, pero el preferiría intentalo con Eugio ou con alguén dos catorce que trouxeran con este do concello de Loade, todos eles con petición de pena de morte. Pero don Alejo, xa condeado a morte, pensa que Esmoriz non terá problema ningún.

O capítulo XIII comeza con Esmoriz no xulgado. Preséntanno ante o xuíz e logo báixanno a unha cela. Conversa con compañeiros ávidos de noticias e volve lembrar a súa infancia.

O capítulo XIV desenvólvese na prisión xudicial, pero contén recordos do anterior presidio. Aparece o preso Toñín, primeiro en ir declarar, que conta as súas andanzas en Cuba e Portugal. Alxemado con Toñín, é conducido ante o xuíz, a quen explica a súa “odisea”. Devolto á cadea, matina no suicidio. Lembra a Moisés Germade, que cantaba alalás despois de ter sido condeado a morte, acusado por unha noiva engañada.

O capítulo XV está ambientado no consello de guerra formado contra Esmoriz, en quen o proceso suscita unha minuciosa introspección psicolóxica. Observa a intervención do fiscal, que fundamenta a súa acusación nun conglomerado de mentiras, e, en menor medida, do avogado defensor.

O capítulo XVI comeza cunha reflexión, feita xa na cadea, sobre o seu consello de guerra. Esmoriz presencia os trágicos momentos en que se le no patio unha lista de condeados e observa “dous coas suas caras consumidas por sombras espantosas”. Trámase unha fuga, pero antes de realizala son fusilados os conspiradores.

O capítulo XVII mostra aos procesados con don Alejo no momento en que os chama o xuíz militar para cumprir a sentenza. Esmoriz despídese do seu compañeiro de cela Costa Freda e do seu fillo, agora chamado Jullo, como na vida real. Sentindo unha “tremenda soedade”, o prisioneiro dispónse a escribir algo “coa vaga esperanza de que fose poesía”.

O capítulo XVIII iníciase cos desexos de declarar de Esmoriz ante o xuíz Ruibal, nome que encubre ao xuíz instructor Ribas. Pensa no que faría en liberdade, na mobilización forzosa, na recuperación do coche, na viaxe a Pontevedra, a Lugo, a Tresouturo, na chegada á aldea... Por fin é interrogado severamente polo xuíz, que examina as súas cartas e papeis, entre os que encontra unha queixa que o prisioneiro pensaba dirixir ao embaixador republicano en Portugal, debido ao mal trato recibido da policía lusitana. Esmoriz asina a súa declaración sen sequera lela. De novo en prisión, dialoga con Laudelino e Artaza.

No breve capítulo XIX Esmoriz síntese ameazado de morte, mentres que no XX é trasladado en tren a Outuro. Ten que escoller defensor entre varios descoñecidos, pero ningún ten título universitario. Elixo a Vizpalla, defensor “dos de Bayona”. (Este personaxe está inspirado en Daniel Bello Mezquita, que actuou como

defensor de Aníbal Otero en 1936 e de quen se conserva unha carta na que se despide do defendido, por incorporarse ao fronte, en 1937.) Aínda que Esmoriz se declara apolítico, o xuíz acusa de comunista.

O capítulo XXI describe a angustia existencial de Esmoriz e o XXII a súa máis concreta preocupación polo proceso. O defensor dille que se perxudicou coas súas declaracións e Esmoriz lembra que recoñeceu ser comunista: “Dijerao cando era libre, nono ía a negar atado cando perdera a liberdade”. Non obstante, nunca pertencera a partido político algún.

O capítulo XXII relata a tensa espera pola sentenza, que o condea a morte. Esmoriz pensa nos quince días que lle quedan de vida, “tempo que el sentía imposible de pasar”.

En suma, a vida interior e a peripecia carceraria de Esmoriz están claramente inspiradas nas vivencias do autor durante a guerra, mentres que moitos dos personaxes que aparecen na novela, senón todos, teñen unha evidente base real, que cómpre recapitular. Laudelino (tamén nomeado Brasilino) é sen dúbida Brasilino Alvarez, alcalde galeguista da Guarda, executado en Tui en decembro de 1936, mentres que os cinco fusilados aos que alude son as vítimas da matanza de Paraños do 11 de agosto de 1936. Don Alejo, don Pejerto (tamén chamado don Darío), Costa Freda e o seu fillo Fiz (tamén denominado Jullo) son, respectivamente, o médico e ex-alcalde republicano Alejo Diz Jurado, o doutor galeguista Darío Alvarez Limeses, o contratista Serafín Fernández Costas e o aparelador Julio Fernández; os catro foron condeados en Tui o 13 de outubro de 1936 e fusilados o 30 do mesmo mes xunto á Alameda tudense. O compañeiro Artaza é o alcalde azañista de Mos, Segundo Pampillón. O defensor Vizpalla é Daniel Bello Mezquita. Aníbal Otero foi testigo forzado da estancia de todos os nomeados no cárcere de Tui. Así mesmo, o autoritario Ruibal está baseado no xuíz Ribas.

Desde o punto de vista estrictamente literario, *Esmoriz* é unha novela lírica no sentido en que utiliza este concepto Ralph Freedman, en *The Lyrical Novel*, para referirse fundamentalmente á produción de Hermann Hesse, André Gide e Virginia Woolf, aínda que considerando tamén modélicas as aportacións de James Joyce neste terreo. Cómpre lembrar, a este propósito, que *Esmoriz* foi concebida nos anos trinta, cando xa era coñecida a corrente lírica na novelística hispana. Neste sentido, a novela de Aníbal Otero está emparentada, dentro da literatura española, coa prosa narrativa máis lírica de Miguel de Unamuno, *Azorín*, Ramón Pérez de Ayala, Gabriel Miró, Benjamín Jarnés, Antonio Espina, Claudio de la Torre, Juan José Domenchina, Mauricio Bacarisse, Juan Chabás, Rafael Dieste, Rosa Chacel ou Francisco Ayala, por citar os autores relacionados dalgún xeito por Ricardo Gullón ou por Darío Villanueva a este respecto.

Desde logo, *Esmoriz* posúe a intención autoexpresiva, a intensidade verbal, a autorreflexión lingüística, o protagonismo pasivo, a viaxe a través da conciencia, a interiorización da experiencia, o confinamento no espacio mental, o desinterese polo argumento, o final aberto e o rigor selectivo de asuntos, personaxes e peripecias que Ralph Freedman, Gullón e Villanueva consideran propios da novela lírica. Trátase, pois, dun fenómeno próximo ao que Leon Edel califica de novela subxectiva en *The Psychological Novel* (1955), onde toma como modelos a Marcel Proust, James Joyce e Dorothy Richardson.

Ademais, a demostrada base autobiográfica de *Esmoriz* contribúe a que, pese a estar narrada en terceira persoa, esta adopte a técnica do *reflector* de Henry James, ou sexa, o que Norman Friedman denominou omnisciencia selectiva, fenómeno polo cal, segundo Villanueva, o eu do protagonista

no sólo unifica los episodios de la trama, sino que matiza e impregna todos los estratos de la novela, hasta el extremo de que ésta resulta ni más ni menos que el reflejo hecho relato de la percepción del universo material y espiritual por parte de una conciencia en agraz³.

Neste sentido, *Esmoriz* encaixa a perfección dentro da novela lírica de “protagonista pasivo”, tal como a concibe Gullón:

Ralph Freedman, en su minucioso estudio de este tipo de obras, habla del ‘protagonista pasivo’ que en ellas actúa, moldeándolas desde su pasividad misma; protagonista que es una naturaleza introspectiva, excesivamente sensible, operante como actor, situación y escenario⁴.

A propósito da novela lírica, Gullón salientou que, na obra mironiana, Sigüenza é máisseudónimo que heterónimo do escritor. Máis xenéricamente, Villanueva referiuse tamén ao característico protagonismo, nas novelas líricas, dun personaxe a xeito de *alter ego* do autor. Tal sería o caso de Stephen Dedalus con respecto a James Joyce en *A Portrait of Artist as a Young Man* (1916) ou de Emil Sinclair con respecto a Hermann Hesse en *Demian* (1919). O mesmo estudioso aduce os exemplos de Antonio Azorín con respecto a José Martínez Ruíz, Félix Valdivia e Sigüenza a Miró, Alberto Díaz del Guzmán a Pérez de Ayala ou Julio Aznar a Jarnés. A eles podería engadirse, dentro do panorama galego de preguerra, o Adrián Solovio de Ramón Otero Pedrayo: non en van, o profesor Gullón constatou a existencia das “novelas líricas”⁵ de Otero ou, ao parecer do profesor Villanueva, *Arredor de si* é “o arquetipo dunha novela lírica e intelectual á vez”⁶.

Pois ben, o J. Daidiña de Aníbal Otero, que primeiro figura como autor da novela e que logo resulta ser un personaxe da obra que está escribindo o protagonista, é un fenómeno semellante ao de *Demian* de Hesse, que se publicou asinada co nome do personaxe Emil Sinclair. E, se temos en conta que Aníbal Otero concebiu antes da guerra unha novela titulada *Daidiña* e que utilizou este pseudónimo en poemas posteriores á contenda, resulta evidente a coincidencia co feito de que José Martínez Ruíz tomase o seu pseudónimo do apelido do protagonista da triloxía composta por *La voluntad* (1902), *Antonio Azorín* (1903) e *Las confesiones de un*

3. Darío Villanueva, ed., *La novela lírica*, vol. I, Madrid: Editorial Taurus, 1983, p. 14.

4. Ricardo Gullón, *La novela lírica*, Madrid: Cátedra, 1984, pp. 26-27. Estas palabras foran adiantadas no artigo “La novela lírica”, publicado por J. L. Román del Cerro, ed., *Homenaje a Gabriel Miró. Estudios de crítica literaria*, Alicante: Caja de Ahorros Provincial, 1979, pp. 15-34, logo recopilado por D. Villanueva, ed., op. cit., pp. 243-258.

5. Id., “Relacións intertextuais en *Arredor de si*”, en Anxo Tarrío, coord., *Actas do Simposio Internacional Otero Pedrayo no panorama literario do século XX*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1990, p. 201.

6. Darío Villanueva, “A renovación do realismo novelístico”, en A. Tarrío, coord, op. cit., p. 153.

pequeno filósofo (1904). De xeito inverso procedeu Rafael Dieste co seu Félix Muriel, que primeiro utilizou como seudónimo e que logo convertiu en nome do personaxe que dá título ás *Historias e invenciones de Félix Muriel* (1943).

Por todo o dito, *Esmoriz* é unha novela lírica de base autobiográfica e introspección psicolóxica, que tería suposto unha dobre contribución á literatura galega se fose publicada no seu tempo: a dun testemuño veraz da traxedia bélica en Galicia e a dunha concepción máis poética e aberta da novela en galego.

A poesía carceraria⁷

Entre os numerosos poemas galegos de atmósfera carceraria, tanto de base autobiográfica como de reflexión existencial, existe un datado o 4 de febreiro de 1939 e, por tanto, escrito en prisión: “A imaxe libre”. Non obstante, deberon ter sido máis os poemas concebidos no presidio, aínda que algúns sufriran modificacións con posterioridade.

Os títulos falan con elocuencia da situación, anímica ou material, na que se encontraba o poeta preso: “O laio do prisioneiro”, “A cadeia de noite”, “Tanxe os senos, campana non te esquecias”, etc. Ademais, no capítulo XVII da novela *Esmoriz* aparece incrustado o poema que comeza “Corre, pulsa ligeira, non te esquezas”, escrito polo protagonista despois de se despedir dos compañeiros que van fusilar.

Existen tamén poemas en prosa, como o titulado “As pombas”, e outros nos que se combina o verso coa prosa poética, como é o caso de “Tanxe os senos, non te esquecias”, onde o autor lembra aos compañeiros fusilados, concretamente na xa varias veces mencionada xornada do 30 de outubro de 1936, que debeu quedar fatidicamente gravada na súa memoria:

Soedá absoluta de ser deixado polos compañeiros que van á morte, que abandonan o mundo dende aquí exactamente donde eu estou i-empreden o camiño... (...) O sentimento do meu circo imposible de salvar, ou o último de min mesmo, fame amar esa campana que agora me recorda a noite aberta a un tempo que pode ser para min. (Amencer do día 30 de octubre de 1936).

Pero a ensimismada vida interior do escritor aparece en numerosos poemas cun ton sombrío e nun ambiente predominantemente nocturnal, nos que a vida parece equipararse a un cárcere existencial. Así o confirman as composicións “A espera fatal”, “Perdido”, “Nos albores do meu corazón”, “Freixo”, “Proximidadá da noite”, “Tristeza”, “Tormenta”, “A hora”, “Pranto”, “A aloia”, “O prado”, “O merlo”, “O máis alá”, “Os espíritus”, “As cousas sempre son dobres”, “A

7. Na sección “Documentos” deste mesmo número do *Boletín Galego de Literatura*, reproducimos os poemas carcerarios de Aníbal Otero.

chegada”, “Proximidad da terra”, “Estrellas sobre dos ollos pálidos de luna santa”, “O pé do carballo. Belleza”, “O saimeiro”, “Pasa o tempo”, etc. O final de “A espera fatal” é dabondo significativo:

Nada queda de min no tempo e no espazo
i-eu estou por eso como desleijado deles, alto y
[aislado
como ja se enteiro camiñara, un longo camiño
de infindo, hacía morte.

Finalmente, cómpre aludir tamén á actividade lingüística galega do filólogo na cadea, da que deixou testemuño o seu compañeiro Segundo Pampillón:

En las esquinas de la cárcel, Otero acosaba a los obreros y les hacía repetir palabras de nuestro idioma, que llevaba anotadas en una hoja. Una vez un obrero que repitió la palabra “xurelo” me dijo: “Pampillón, non me mandes máis a ese home, non che está ben da moleira ou querre tomar o pelo, pois si ti dis que é tan listo ¿non sabe o que é un xurelo!?... faimo repetir moitas veces, esgarabella unhas ringleiras e váise falando baixiño coma un tolo”⁸.

En suma, Aníbal Otero, filólogo, poeta e novelista antes e despois da peripecia carceraria, non renunciou a ningunha das tres facetas durante a súa estancia en prisión, tan dramática como inxusta. Compría, pois, dar a coñecer semellante esforzo creativo, en homenaxe a un labor e a unha actitude que non debían permanecer no esquecemento por máis tempo.

Claudio Rodríguez Fer
Campus Universitario de Lugo

8. Carlos Fernández, *El Alzamiento de 1936 en Galicia*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1982, p. 429.